

**DA RELIXIÓN CONTRA A RAZA
Á RELIXIÓN DA RAZA. OUTRA
LECTURA DO NACIONALISMO
BRETÓN A COMEZOS
DO SÉCULO XX**

Sébastien Carney

Université de Bretagne Occidentale

DOI: [10.17075/gboc.2020.006](https://doi.org/10.17075/gboc.2020.006)

En setembro de 1918, ao saíren dunha reunión de Acción Francesa, un estudante de arquitectura e un antigo combatente de 22 anos fundan o Grupo Rexionalista Bretón (GRB), ao cal, varios meses despois, lle brindan, á guisa de órgano de difusión, unha modesta folla bautizada *Breiz Atao !*, o que era a súa tradución bretoa de «A Bretaña sempre!». O GRB, ao que logo se sumaron unha quincena de mozos, preséntase como «grupo de vangarda que se propón traballar activamente pola *renascenza da Patria Bretoa*»¹. Isto é, en efecto, o que será o grupo dunha fin de guerra a outra, de 1918 a 1944, despois de mudar a Partido Autonomista Bretón e, con posterioridade, a Partido Nacional Bretón, tras catar case todas as experiencias políticas do seu tempo e, de feito, como un pode figurarse, tras coñecer menos altos que baixos. Existen algúns trazos, entre outros, que permiten caracterizar tal fraca tropa de activistas. Para empezar, forman parte da xeración sen sorriso, daqueles fillos da Gran Guerra que, marcados moi cedo pola política, medraran prematuramente. Un deles, Olier Mordrel, é quen, desde a súa adolescencia, de corrixir os erros que comete un xornalista do *Matin* ao evocar as razas dolicocefalas e braquicefalas. Estes rapaces, entregados ao combate, atópanse no armisticio privados daquilo que lle dera sentido a toda a súa existencia durante máis de catro anos. Esa xeración sen sorriso é, igualmente, unha xeración inútil que, frustrada por non coñecer a experiencia insubstituíble do fogo, acha no compromiso político algo co que vivir con intensidade, co que explorarse a si mesma. Este verdadeiro «complexo de Marte»² explica, en gran parte, as conflitivas relacións destes rapaces cos seus pais, que si combateran e cuxo sacrificio xera unha débeda de sangue. Negarse a honrala é cuestionar a filiación e mesmo reflexionar sobre a raza que un imaxina encarnar. Nun sentido máis amplo, non apoiar o heroísmo destes combatentes leva os mozos militantes bretóns a imaxinar que, se o pobo da Bretaña fixo a guerra con uniforme francés, é que dexenerou. En consecuencia, as relacións entre relixión, raza e nacionalismo bretón non poden senón ser complicadas, na medida en que a Igrexa católica, que ten un ascendente fortísimo na Bretaña, é considerada polos nacionalistas como responsable do declive desta terra por favorecer a Unión Sagrada, é dicir, o afrancesamento dos bretóns, que é tanto como dicir a súa dexeneración. Xa que

¹ Fondo de Mordrel, OM7 I78, estatutos do GRB, 1918-1919. A expresión aparece subliñada no texto.

² Tomo esta expresión de Dominique Fernandez (2009): *Ramon*, París, Grasset, 117. Para consultar unha aplicación deste concepto, permítome remitir o lector a Carney (2015): *Breiz Atao! Mordrel, Delaporte, Lainé, Fouéré : une mystique nationale (1901-1948)*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes, 53-58.

logo, a «renacementa da Patria Bretoa» é, para os mozos de *Breiz Atao*, unha tentativa de rexenerar a raza mediante o combate e de a guiar cara a unha nova idade de ouro terrea. Nunha Bretaña católica, aínda atenta aos preceptos dunha Igrexa para a cal non se podía coñecer idade de ouro ningunha noutro lugar que no ceo a través da redención, como podía facerse tal?

REXENERAR A RAZA

Na súa definición da filiación e na súa tentativa de rexenerar a raza, os militantes nacionalistas exploran varias vías, ningunha das cales chega a realizarse. Os líderes de *Breiz Atao* proban, sucesivamente, co panceltismo, co federalismo internacional logo, co nazismo e, por fin, coa revolución conservadora alemá.

A primeiros da década de 1920, para Olier Mordrel a raza é «un todo nacional» que se caracteriza pola lingua, as aptitudes sociais, o xenio intelectual, as tradicións e a civilización³. Xa non está caracterizada pola morfoloxía; as mesturas humanas son tales que a mestizaxe, que rebaixa o superior e mellora o débil, diluíu as súas características antropolóxicas propias. É, daquela, mediante a achega cultural como se pode esperar atopar estas características perdidas desde a latinización, ou polo menos enmascaradas por un verniz á francesa. Inacción, centralismo, inmoralidade e esterilidade son un feixe de taras que resumen o contramodelo do celta que cada bretón debe espertar dentro de si. Xúlgase que este acordar, esta rexeneración da raza, se levan a cabo a través do contacto con galeses, escoceses e irlandeses ou, en todo caso, mediante o estudo das súas culturas. «O Panceltismo faranos saír do noso ambiente petrificado, mergullaranos nunha intensa corrente vital que espertará un xenio, unha sensibilidade e un carácter durmidos, embrutecidos por unha servidume longa de máis. Fará de nós celtas integrais, é dicir, homes que pasan por homes e capaces de consumir na terra, baixo a mirada de Deus, *obra humana*»⁴, escribe Mordrel, quen, querendo crear un home novo, quería facer del obra divina baixo a mirada humana.

³ Sen sinatura (Olier Mordrel) (1922): «L'action nationaliste. I. Développer le sentiment national», *Breiz Atao*, 3:39, 15 de marzo, 173-174.

⁴ Olier Mordrel (1923): «Les Avantages du Panceltisme», *Breiz Atao*, 4-5:52-53, 15 de abril e 15 de maio, 295. A cursiva é do autor.

Mais pronto se entende que a rexeneración polo panceltismo é un fracaso. Por exemplo, as relacións establecidas cos galeses a partir de 1923 non chegaron lonxe, en parte debido a cuestións relixiosas. En efecto, na outra banda do canal da Mancha o protestantismo leva bastante mal o feito de ver mozos militantes galeses a interesárense un pouco de máis por uns mozos militantes bretóns que, de xeito manifesto, non teñen intención de disociar a política racial dun panceltismo horizontal. Pero iso non é todo. No congreso pancéltico de Dublín (1925), Mordrel e os seus amigos están fóra de lugar. A moi católica Irlanda mira con moi malos ollos estes mozos bretóns vidos predicar a revolución. A estes axitados, que ademais non ocultan a súa neutralidade en materia de relixión, os seus anfitrións irlandeses repróchanlles «unha actitude francesa desagradable, particularmente en materia de moralidade»⁵. Ben cedo, pois, parece que o cristianismo se leva mal coa rexeneración céltica.

Este fracaso é tanto máis patente canto que os contactos mantidos neses mesmos momentos cos estudantes flamengos e, a seguir, cos nacionalistas alsacianos resultan ser, pola súa banda, moi prometedores e conducen o *Breiz Atao* ao federalismo. Alsacianos e flamengos considéranse irmáns de sorte, xa que eles tamén están sometidos ao xugo latino. Pronto é oportuno concibir que son, así mesmo, irmáns de sangue entre os pobos nórdicos.

No verán de 1932, Olier Mordrel visita Alemaña e volve encantado. En varias semanas, elabora un programa político intitulado *SAGA*, de *Strollad ar Gelted Adsavet* (Partido dos Celtas Renacidos). *SAGA*, sabia mestura de proposicións roubadas da banda das remudas da Orde Nova⁶ e do programa de 25 puntos do NSDAP, non oculta a súa fascinación por un nordismo que algúns anos antes non tivera éxito ningún entre as filas de *Breiz Atao*. Fronte á latinización, a muralla defensiva é agora «a volta dos pobos do norte ás súas tradicións étnicas»⁷. Mordrel, prudente, planea garantir a liberdade de conciencia e de relixión «sen prexuízo do respecto polo esforzo nacional», mais insistindo no «respecto pola fe cristiá como

⁵ National Archives, KV/2/3410, 3a, de Dublín (G2/X/1358), anexo: nota de O. Mordrel, 20 de novembro de 1944.

⁶ Sobre as remudas, véxase Olivier Dard (2002): *Le rendez-vous manqué des relèves des années trente*, Paris, Presses Universitaires de France.

⁷ Sen sinatura (Olier Mordrel) (1932): *Le nationalisme breton : aperçu doctrinal*, Rennes, Les Éditions du Parti National Breton, 27.

única base da moralidade e da espiritualidade do [seu] pobo». Con todo, ao examinarmos a cuestión máis de preto, fica claro que non se trata doutra cousa que dunha cláusula destinada a tranquilizar os católicos do Partido Nacional Bretón. En efecto, Mordrel prevé excluír de calquera posto de responsabilidade pública todos os estranxeiros, sobre todo latinos e persoas de cor, mais non os nórdicos. Como tiña a mirada posta en Berlín, non podía senón entrar en conflito con Roma.

Este programa, sen ser rexeitado abertamente, non é adoptado polo partido. Porén, Mordrel ten discípulos; por exemplo, Célestin Lainé. Criado na fe, suxeito a crises místicas, Lainé fora tentado polo sacerdocio en dúas ocasións, antes de se unir á causa bretoa. En 1934 comeza a desfacerse da súa fe cristiá en beneficio dunha filosofía persoal que chama «fe céltica» e sobre a cal cumprirá volver máis adiante.

Para el está claro: as bases da Bretaña non se achán en Roma, senón en Irlanda e Alemaña. Isto é o que explica nun artigo que remite á revista doutrinal de Mordrel, *Stur*, a principios do ano 1937. Lainé defende nel a idea dunha Bretaña incorporada a un arco nórdico do que as dúas bases son Irlanda e Prusia; xermanos e celtas eran de idéntico sangue e a Bretaña é parte integrante da unidade racial hiperbórea política. Louvando Alemaña, «vangarda e portaestandarte actual do nordismo»⁸, Lainé escribe: «Sobre as nosas dúas bases, Irlanda e Prusia, ergámonos seguros de realizar o ideal máis profundamente ancorado no noso sangue, o novo Imperio do Norte, que repelerá as xentes do leste e do sur e brillará sen par sobre todo o planeta». Aos ollos de Lainé, Irlanda representaba moito menos o catolicismo que o IRA e, para quen sabía ler entre liñas, un imperio nórdico rexurdido do fondo das idades só podía ser pagán.

Desde 1934, Lainé é amigo de Gerhard von Tevenar. Mozo celtista alemán, axente da Abwehr II, «viaxante de comercio da revolución étnica»⁹ segundo Mordrel, este home achegado á Ahnenerbe —o instituto científico das SS— está versado nas teorías raciais de Hans Günther e promove en Europa o imperio nórdico teorizado polo seu gurú Friedrich Hielscher¹⁰, a quen Lainé coñece en 1937.

⁸ Allbrogat (alias de Célestin Lainé) (1937): «Nos deux bases : Irlande et Prusse», *Stur*, 9, 1 de abril, 55-65.

⁹ Olier Mordrel (1973): *Breiz Atao : histoire et actualité du nationalisme breton*, Paris, Alain Moreau, 215.

¹⁰ Sobre Hielscher, véxase Ina Schmidt (2004): *Der Herr des Feuers: Friedrich Hielscher und sein Kreis zwischen Heidentum, neuem Nationalismus und Widerstand gegen den Nationalsozialismus*, Köln, SH-Verlag.

Ata esa data, as propostas racistas de Mordrel, Lainé e outros non suscitaran reacción ningunha, nin no movemento bretón nin noutra parte. É certo que, en 1927, monseñor Duparc multiplicara as condenas contra *Breiz Atao*, mais era a neutralidade relixiosa dos nacionalistas o que levara o bispo de Quimper a darse ao luxo de emitir unha versión local da condena contra a Acción Francesa. Dez anos despois, Raymond Delaporte, nacionalista católico moi practicante, había confesar: «Se *B. A.* é condenado por Roma como lle pasou á Acción Francesa, dimito»¹¹. Ademais, así é como entende a encíclica *Mit brennender Sorge*.

O RACISMO BRETÓN

O artigo de Célestin Lainé sae a primeiros de abril, cando o público acaba de tomar coñecemento da viva inquedaanza de Pío XI pola adopción do racismo como doutrina de Estado, así como das declaracións anticlericais e o paganismo dalgúns dirixentes do Reich¹². Raymond Delaporte reacciona de inmediato na entrega de *Breiz Atao* do 18 de abril, na cal publica a carta dun lector irritado polo desenvolvemento na revista das teorías de Rosenberg e do paganismo nórdico, conceptos susceptibles de dividir os militantes —xa pouco numerosos— ante a cuestión relixiosa. O mesmo Delaporte condena «o *homo nordicus*» e os «ataques, máis ou menos velados, contra a moral cristiá»¹³. De inmediato, este moi dinámico militante abandona un partido do que é un dos piares e un provedor de fondos do cal *Breiz Atao*, que normalmente estaba exangüe, non podía prescindir. Fica claro, en suma, que ese Delaporte representa, ao cabo, eses notables vilegos que hai que convencer para por fin abrir camiño. A súa marcha é, xa que logo, un símbolo.

Os militantes comprenden ben que o obxectivo son a revista *Stur* e o seu director, Mordrel. Este último dispónse, daquela, a aplacar a Delaporte sen deixar de defender a súa postura: teoriza un racismo bretón, o cal, segundo asegura, difire

¹¹ Centre de recherche bretonne et celtique (en diante, CRBC), fondo de Lainé, CL3 C198, carta de Célestin Lainé, sen data.

¹² Sobre esta cuestión, véxase Fabrice Bouthillon / Marie Levant (dirs.) (2016): *Pie XI, un pape contre le nazisme ? L'encyclique « Mit brennender Sorge » (14 mars 1937)*, Brest, Dialogues.

¹³ R. Furic (alias de Raymond Delaporte) (1937): «La position de Breiz Atao reste nationale», *Breiz Atao*, 274, 18 de abril, 3 e 4.

do racismo alemán, apegado de máis aos criterios morfolóxicos. Sobre todo, o seu racismo bretón sería compatible co cristianismo. A fin de resultar convincente, Mordrel debe recorrer ao apoio de cristiáns racistas, ou, noutras palabras, do propio clero, e, así, publica a carta dun «católico informado» anónimo¹⁴ que probablemente escribira el mesmo. Para este oportuno contribuidor, a polémica é o resultado dun clima nefasto alimentado polos «xudeus e partidarios de toda caste do bolxevismo»; de feito, o racismo bretón non pode ser inimigo da relixión católica. E cabe apoiarse na propia encíclica, na cal Pío XI condena o paganismo mais ve válido o concepto de raza. Mordrel cita: «Ninguén pensa, abofé, en lle poñer atrancos á xuventude alemá no camiño que debe conducila á constitución dunha verdadeira comunidade étnica, no contexto dun nobre amor pola liberdade e unha inviolable fidelidade á patria»¹⁵. O cal lle inspira ao «católico informado» o seguinte comentario: «Se a nosa xuventude puidese realizar o ideal que “a máis alta autoridade espiritual do mundo” lle propón á mocidade dese gran país, non sería mala cousa...!».

Coa mesma, Mordrel publica un extracto escollido do sermón «Cristianismo e xermanismo», pronunciado polo cardeal Faulhaber en Múnic en decembro de 1933:

Desde o punto de vista da Igrexa, non cabe facer obxección ningunha ás investigacións raciais realizadas obxectivamente, como tampouco á cultura da raza. Non cabe facer obxección ningunha ao desexo e á preocupación por manter as particularidades étnicas dunha nación o máis puras posible de toda alteración e por afondar o sentido de comunidade de sangue.

E Mordrel deduce de aí: «Existe, pois, un *racismo católico*¹⁶ e sería facer un ridículo integral querer pasar por máis católico que o papa, e pretender ser mellor defensor do catolicismo... en Alemaña que o cardeal Faulhaber!».

Mordrel non é escoitado, o que non lle impide buscar a reconciliación ao longo de todo 1937. Aínda que xa fixera unha recensión en *Stur* o ano anterior, Mordrel

¹⁴ Anónimo (probablemente Olier Mordrel) (1937): «Racisme et catholicisme», *Stur*, 10, 1 de xullo, 64-67.

¹⁵ Encíclica *Mit brennender Sorge*, citada en anónimo, «Racisme et catholicisme», art. cit.

¹⁶ A cursiva é do autor.

volve emitir unha crónica, esta vez en *Breiz Atao*, de *Le Règne de la race*¹⁷, obra escrita baixo pseudónimo polo abade flamengo amigo dos nacionalistas bretóns Jean-Marie Gantois¹⁸. No medio da polémica, este libro constitúe un argumento de peso; así, Gantois expón nel o cristianismo positivo¹⁹ que descubrira en *Le Mythe du XX^e siècle*, de Rosenberg, un cristianismo compatible co racismo. Baixo o título «Racismo bíblico», no capítulo VI do libro preténdese denunciar o antagonismo que se quixo atopar entre o cristianismo e o particularismo étnico. Gantois cita un artigo publicado no seo do ámbito de influencia da Université de Louvain²⁰:

A doutrina do racismo é a da *redención* da natureza humana pola miña conciencia, que asume a vontade de devir ela mesma. Expresa a forza do home xermánico e nórdico, o tipo máis perfecto da humanidade. Admira o xermano poderoso e puro, que se ergue

«freudig wie ein Held zum Siegen...»²¹.

O catolicismo, pola súa banda, é a relixión do triunfo e da vitoria. Nós non desprezamos a natureza humana: cremos, de certo, que está debilitada polo pecado, mais tamén que, pola nova nacemento da graza, fica capaz de formar en Cristo unha raza nova e sen tacha, presta ao combate e segura do seu éxito²².

Nesta óptica, para Gantois o racismo é un xeito de preservar a creación e, daquela, condenar a mestizaxe constitúe unha garantía contra a corrupción da obra divina. Por último, o abade evoca a cólera de Noé nas Escrituras, nas cales

¹⁷ «O reinado da raza.» [N. da T.]

¹⁸ Sobre Gantois, véxase Christian-Pierre Ghillebaert (2007): *L'abbé Jean-Marie Gantois (1904-1968), un prêtre égaré en politique : étude d'un entrepreneur nationalitaire*, tese de doutoramento, Lille, Université du droit et de la santé.

¹⁹ Para Rosenberg, existe un cristianismo negativo, relixión oriental impregnada de maxia e de «gozo servil» e abeirada tras dunha imaxe deformada de Xesús, que a Igrexa artellou logo da morte de Cristo. Porén, existe igualmente un cristianismo positivo, antisemita, vencellado a Xesús como ser vivo, un heroe nórdico violento e conquistador e xefe de tropa insurrecto contra o seu tempo.

²⁰ *Theologen in den storm. Nieuw Vlaanderen*, 22 de decembro de 1934. Sobre a implicación dos católicos na teorización do racismo, véxase Guy Jucquois / Pierre Sauvage (2001): *L'invention de l'antisémitisme racial (1850-2000) : l'implication des catholiques français et belges*, Louvain-la-Neuve, Academia Bruylant.

²¹ «[A]legres, como o heroe cara á vitoria», cita do poema *An die Freude*, de Friedrich Schiller.

²² A. Decléene (alias de Jean-Marie Gantois) (1936): *Le Règne de la race*, Paris, Sorlot, 99-100.

este último reza para asegurar a supremacía de Xafet sobre Sem e Canaá. E conclúe: «É no Antigo Testamento onde a raza branca acha o fundamento histórico da súa misión, a carta dos seus dereitos. Que máis pode pedir a Igrexa?...»²³. Desta forma, o racismo que exercía o nazismo parecíalle a última esperanza do cristianismo e da civilización fronte ao comunismo.

Dado que máis vale previr que curar, Mordrel asígnalle a Gantois a monseñor Alois Hudal, *consultore* na Santa Sé. En 1934, Hudal criticara o nazismo, dirixindo ao Santo Oficio un informe no que denunciaba os perigos do racismo, do nacionalismo radical e do totalitarismo de Estado. *Mit brennender Sorge* é o resultado dese informe. Mais, entremetres, Hudal sacara *Die Grundlagen des National-Sozialismus*²⁴, na cal o bretón ve unha obra sensacional. Hudal distinguía nela dúas correntes: a de Rosenberg, á esquerda, revolucionario e anticristián, que había que combater, e a de Göring, á dereita, conservador e favorable ao cristianismo, con quen era posible entenderse. Evocando a Hudal, Mordrel pretende amosar que un dos promotores da encíclica é, de feito, un home da Igrexa seducido polo nazismo. En van.

Porén, en 1938 mudan as tornas. O pagán Célestin Lainé e varios dos seus amigos son levados ante a xustiza por esborranchar as paredes de diversas cidades con slogans antifranceses. No estrado preséntase o abade Perrot, figura popularísima e moi amada polo movemento bretón, que vén testificar en favor do seu «fillo espiritual»²⁵. Todo o mundo entende que é a hora da reconciliación. Así o testemuña «Race et racisme»²⁶, artigo que entrega Pierre-Jean Nédélec²⁷ á revista *War-du ar pal*, que fundaran os irmáns Delaporte para lle facer a competencia a Mordrel. O abade non pretende condenar o racismo, senón os excesos aos que pode levar. Neste sentido, escribe:

²³ *Ibíd.*, p. 112.

²⁴ «Os fundamentos do nacionalsocialismo.»

²⁵ Arquivos da biblioteca da abadía de Landévennec, fondo do Bleun-Brug. Correspondencia de Jean-Marie Perrot. LXXVII-25, declaración perante os xuíces (borrador).

²⁶ «Raza e racismo.» [*N. da T.*]

²⁷ Pierre-Jean Nédélec (1911-1971) ordénase sacerdote en 1934 e é nomeado director do gran seminario de Quimper (profesor de historia da Igrexa e de bretón) ao ano seguinte. En 1942 publica os *Kantikou Brezonek Eskopti Kemper ha Leon*. Apaixonado polas orixes da Bretaña, será nomeado secretario-arquivista da diocese de Quimper e Léon en 1950 e, despois, presidente da Société archéologique du Finistère en 1965.

Non nos contentaremos con reprobar as aberracións en que caen certas teorías racistas de hoxe [...], senón que trataremos de destacar as solucións positivas do dereito natural, en harmonía coa lei divina e respectando tanto a responsabilidade e a dignidade humanas como as xustas peticións do ben temporal do noso pobo²⁸.

Case parece oír algo de Mordrel, murmurado nunha sancristía.

Ademais do anterior, o abade Nédélec apóiase de igual modo nos traballos do raciólogo Hans Günter e constata, por unha banda, a existencia dun tipo nórdico e, pola outra, a desnordización. Simplemente houbera en Alemaña confusión entre raza e nación, ata o punto de que se establecera unha «relixión do sangue» na que se opuñan razas inferiores e superiores nun combate desapiadado. Nesta fase do discurso emerxe, como é obvio, a referencia á encíclica *Mit brennender Sorge*, á cal o abade engade as *Instructions de la sacrée Congrégation des Séminaires et Universités sur les erreurs du racisme*²⁹, do 13 de abril de 1938. As instrucións, publicadas *in extenso* a continuación do seu artigo, constitúen un auténtico catálogo de erros racistas, que se pon ao dispor dos candidatos ao sacerdocio; de feito, o abade constata, sen se dicir sorprendido de máis, o contaxio das ideas alemás que se van apoderando da Bretaña. Mais, lonxe de condenar o racismo bretón e citando o artigo publicado por Mordrel en xullo de 1937 en *Stur*, escribe:

Advertimos con simpatía [...] o que segue: «Este racismo que emana da tradición bretoa é bastante distinto do que os grandes medios da prensa teñen por costume denominar racismo. Non se trata aquí dunha doutrina de Estado nin dunha pseudorelixión, senón do “recoñecemento dun valor e dun feito” polo conxunto do pobo bretón...» Advertimos esta declaración con simpatía, dicimos; terminaremos o noso primeiro artigo nesta nota cordial, para emitirmos a seguir o exame, benévolo mais firme, do que ata aquí se puido propoñer como racismo bretón, así como unha declaración do que a razón e o dereito permiten conservar nesta orde de ideas.

²⁸ Natalis (alias de Pierre-Jean Nédélec) (1939): «Races et racisme», *War-du ar pal*, 3, primavera-verán, 183.

²⁹ «Instrucións da sagrada Congregación de Seminarios e Universidades sobre os erros do racismo.» [N. da T.]

Pero o número seguinte de *War-du ar pal*, previsto para o outono de 1939, non se publicará. Podería creerse que o achegamento bosquexado aquí entre relixión e raza atopa a súa conclusión en decembro de 1940, cando Raymond Delaporte é impulsado á cabeza do Partido Nacional Bretón no lugar de Mordrel. Durante os primeiros meses do seu mandato, vémolos multiplicar os artigos racistas e afirmarse representante do nordismo; pero o partido e o seu xornal están financiados, en boa medida, polo ocupante, ao que Delaporte debe o seu posto. O seu nordismo inesperado e temporal ten máis de oportunismo que de convicción, contrariamente á súa fe cristiá, da que nunca se separou.

A FE CÉLTICA

Non é o caso de Célestin Lainé, que moi axiña entende que na Bretaña o cristianismo entra en irremediable contradición coa súa visión desa terra e dos bretóns. Para el xa non é que haxa que lle propor un racismo orixinal á relixión católica, senón que hai que lle propor unha relixión nova á raza nórdica.

A partir de 1934, sentando as bases da súa «fe céltica», Lainé aseguraba que os bretóns xa non eran dignos dos seus entregos guerreiros anteriores ao cristianismo. «Perdoamos os nosos inimigos —escribe— e, en consecuencia, xa non sabemos o que é a fraternidade na vida e na morte³⁰.» Para atopar a fe céltica perdida, Lainé preconizaba, entón, a acción, a «forza violenta dos nórdicos», necesaria e carente de estado de ánimo; o racismo que definía o inimigo como inferior, que xustificaba a guerra; a ignorancia do mal e, xa que logo, do ben. Lainé, por suposto, lera a Nietzsche e facía súa unha vontade de poder incompatible coa súa fe católica. Explicaba:

Tomamos o mundo tal e como Deus nolo presenta. Recoñecemos con modestia e respectamos as súas leis, das cales a primeira é a do triunfo dos mellores e dos máis poderosos. Colaboramos nisto segundo as particularidades da nosa raza [...] [e] desconfiamos do mesianismo dos xudeus e dos seus semellantes, que pretenden corrixir e emendar o Universo abolindo as leis «imperfectas» de Deus! Non se chegou

³⁰ CRBC, fondo de Célestin Lainé, CL8 T106, «Foi celtique», primeira redacción, 1934.

ata a pretensión de querer extirpar a violencia da superficie da terra? Transformar a humanidade nunha inmensa corte para animais, pacífica e monótona? Tolemia impotente e blasfema!

Para el, a submisión ao dogma romano, así como á mensaxe evanxélica, era a causa da decadencia dos celtas e da submisión dos bretóns a Francia, e había que librarse diso. Lainé lanza algunhas ideas como borrador: «Separarnos espiritualmente da Igrexa de Roma»³¹, e logo prevé polo menos un cisma e o advento dunha Igrexa céltica.

Mediante o abade Gantois, a quen el coñece, Lainé descobre o mestre Eckhart, que tamén é unha das maiores influencias de Rosenberg na súa elaboración dun cristianismo positivo. Rosenberg resume así o pensamento do herexe alemán: «A filosofía xudeorromana é substituída pola confesión da alma nórdica occidental, é dicir, da dimensión interior do home alemán, da raza nórdica»³². De feito, Lainé faise discípulo de Eckhart, mais non só iso. Para Hans Günther, que publica en 1934 *Frömmigkeit nordischer Artung*³³, a alma nórdica esixe unha expresión nórdica da fe. Lainé, iniciado nestas teorías por Tevenar, define o fiel da «Fe céltica»: trátase dun home de fe e, ao mesmo tempo, dun guerreiro, ou, dito doutro xeito, dun druída, mellor servidor dun Deus dedicado á confección dunha raza superior. Nunha sorte de credo, Lainé escribe:

Cremos que el nos creou celtas para defendermos e acrecentarmos o poder da Celtia, para lle gañarmos gloria, para darnos bo exemplo aos nosos irmáns, para facermos florecer en nós e arredor de nós as calidades que el lle confiou á nosa raza.

Cremos que así colaboramos con el na obra da súa creación e que el se alegrará e estará orgulloso de nos ter por fillos e nos tratará en toda ocasión como un pai trata os seus preferidos³⁴.

³¹ Llyfrgell Genedlaethol Cymru/National Library of Wales (en diante, LIGC/NLW), colección de Louis Feutren, caixa 4, notas sobre as maldades do dualismo.

³² Alfred Rosenberg (1986): *Le Mythe du XX^e siècle : bilan des combats culturels et spirituels de notre temps*, Paris, Avalon, 222.

³³ «Piedade da raza nórdica.» Sobre este tema, véxase Johann Chapoutot (2014): *La loi du sang : penser et agir en nazi*, Paris, Gallimard, 65 e ss.

³⁴ CRBC, fondo de Célestin Lainé, CL8 T107, «Foi celtique», segunda redacción, 1934.

Todo isto é o «realismo heroico» de Werner Best e Ernst Jünger, para os cales non hai que pretender crear un mundo mellor, senón, pola contra, aceptar este tal como é. Xorde de aí unha nova concepción do guerreiro: a do combatente que non se bate por alcanzar un obxectivo, senón por amor ao combate mesmo en canto logro e forma de existencia dunha elite distinta da masa³⁵. No ano 1932, en *Le Travailleur*, biblia do «realismo heroico», Jünger escribe: «Vemos nacer aquí unha especie de garda, unha nova columna vertebral da organización combatente: unha elite que se pode describir tamén como a Orde»³⁶. Moitos intelectuais mozos da década de 1930 singularízanse por teren unha concepción particularmente elevada do grupo intelectual, da comunidade e do seu papel como motor da historia. Un gran número deles, ademais, soñan coa «sociedade como especie de orde de monxes soldados investidos dunha misión case sagrada»³⁷. En 1937, Lainé crea o seu Kadervenn ou liña de combate, embrión dun futuro exército bretón que se converte no Service Spécial (Servizo Especial) no ano 1941. Para o público, este servizo é o de tipo militar do movemento bretón, mais, para os que o compoñen, consiste nunha agrupación clandestina dos «homes do Deus da Cruz Céltica»³⁸.

Nesta comunidade, Lainé quere impor unhas regras de vida: pobreza, silencio, un estilo de vida irreprochable, unha forma céltica de camiñar... , tantos signos externos que distinguen unha raza de mestres, unha aristocracia de señores «brancos do norte»³⁹ altos e ergueitos, dos seus inimigos, esas «xentes de toda lingua e cor»⁴⁰ que, segundo Lainé, abundan na relixión católica e no Estado francés⁴¹.

³⁵ Ulrich Herbert (2010): *Werner Best : un nazi de l'ombre*, Paris, Tallandier, 99-104.

³⁶ Ernst Jünger (1989): *Le Travailleur*, Paris, Christian Bourgois, 151.

³⁷ Pascal Balmand (1987): «Les jeunes intellectuels de “l'esprit des années trente” : un phénomène de génération ?», en Jean-François Sirinelli (dir.), «Générationnelles intellectuelles», *Les Cahiers de l'IHTP*, 6, CRNS, novembro, 55.

³⁸ LIGC/NLW, colección de Louis Feutren, caixa 4, notas para os discursos do tempo da Pascua de 1942.

³⁹ LIGC/NLW, colección de Louis Feutren, caixa 6, tradución francesa da instrución do inverno de 1942-43.

⁴⁰ Ídem.

⁴¹ Uns meses despois do comezo da operación Barbarossa, Lainé escribe: «Tanto material como espiritualmente, os franceses fican reducidos ás concepcións bolxevistas. As dúas categorías que lles atinxen están tamén infectadas polo espírito *internacionalista*. Todo o seu país, e mesmo o seu imperio, que se di nacional, é unha internacional na que se equiparan brancos, amarelos, negros e vermellos. A Europa nórdica dos celtas e os xermanos, a nosa Europa e a de Adolf Hitler, non é a súa Europa “internacional” igualitaria, senón a Europa que é *para* os nórdicos. Saúdos aos entendedores con auga de Vichy» (CRBC, fondo de Célestin Lainé, CL2 M32, notas, lembranzas e reflexións, xaneiro de 1942. As cursivas son do autor.)

Esta comunidade ten, claro, o seu mesías. Trátase de Gerhard von Tevenar, en quen Lainé ve un «pescador de homes» que veu traer á Bretaña «a mensaxe da construción nórdica»⁴². Tevenar morre prematuramente en abril de 1943 e Lainé, o seu «poderoso apóstolo»⁴³, cre entón encarnar, pola súa vez, o profeta que levará o seu pobo cara ao reino. Baixo esta óptica, cinco anos despois da morte do seu amigo, Lainé redacta os estatutos dunha Orde Céltica, dunha «Comunidade total de fundamento relixioso e propósito militar»⁴⁴ cuxos membros se dedican a «defender e acrecentar o legado céltico mediante a instrución e a práctica no seu interior e, a continuación, converténdose en exemplos e instrutores no exterior; en suma, en soldados contra os inimigos». En especial, Lainé prevé o seguinte: «O mozo casa para ter moitos e bos fillos “celtas”, o que precisa da aprobación dos Druídas [...]. A súa principal obriga é, xa que logo, manter a súa familia, e o seu traballo, criar os fillos e afillados nas maneiras célticas».

O modelo de Lainé é o Hielscher-Kreis, a comunidade agrupada arredor de Friedrich Hielscher, da que Tevenar era un dos sectatarios. Hielscher é un intelectual da revolución conservadora, próximo a Jünger, fundador da Unabhängige Freikirche (Igrexa Libre Independente), estraño chantre dun Reich nórdico baixo dominio alemán, entregado a dominar unha Europa recomposta en razas xerarquizadas. No marco da súa Igrexa, Hielscher desenvolve un complexo sistema ideolóxico e relixioso que propón unha visión panenteísta dun universo que, nesta perspectiva, non sería máis que unha parte dun Deus en perpetua creación⁴⁵. Organiza unha liturxia na que se definen varias cerimonia independentes, cada unha delas dedicada a un dos doce deuses do panteón politeísta xermánico, asociado a unha cor e uns símbolos (signo, vexetal, animal ou produto alimentario). Todos eses deuses son os mediadores dun «todopoderoso e único Deus verdadeiro»⁴⁶. Reforzado con estes rituais e numerosos elementos que tomara

⁴² CRBC, fondo de Célestin Lainé, CL5 T56, «Harangue prononcée à l'occasion du premier anniversaire du Groupe des Bretons de la SS "Yann-Vari PERROT"», 17 de decembro de 1944.

⁴³ Olier Mordrel (1943): «In memoriam. De viris», *Stur*, 6, verán, 44-52.

⁴⁴ CRBC, fondo de Célestin Lainé, CL8 M480, proxecto dunha Orde Céltica, 20 de abril de 1943.

⁴⁵ Peter Bahn (2008): *La légende de Friedrich Hielscher*, Paris, Ars Magna. O panenteísmo é unha doutrina teolóxica establecida en 1828 por Christian Friedrich Krause, que postula que o divino se acha en todas as partes da natureza (panteísmo) e, ao mesmo tempo, se despreza alén delas (teísmo). O panenteísmo de Hielscher constitúe, en certa medida, unha postura intermedia entre paganismo e cristianismo.

⁴⁶ Citado por Peter Bahn, *La légende de Friedrich Hielscher*, *op. cit.*

prestados do cristianismo, Hielscher bautiza, casa e enterra, que é exactamente o que fai Lainé pola súa vez. De 1938 a 1942, este último esmérase en redactar en bretón unha gran cantidade de oracións inspiradas nas do Hielscher-Kreis, as cales se recitan durante cerimoniais que se celebran ao mesmo tempo que as festas cristiás, na esperanza de as substituír; pois a fe xa «nórdica» de Lainé atópase a medio camiño entre un cristianismo que ela rexeita e un paganismo integral que lle custa alcanzar. Disto dá testemuño o sincretismo que caracteriza a divindade que el e mais os seus fieis pretenden louvar; así, «Deus» convértese en «*God*» e é obxecto dun credo: «1) Kredi a reomp e God an Hollwirion Teirneuziek. 2) Kredi a reomp en holl Doeved peurbad a ren ar C'hemmañ dibenn. 3) Kredi a reomp en hor Roentelez Sterennel»⁴⁷. Segundo se fai nos ambientes *völkisch*, así como nas SS, Lainé elabora un calendario pagán, inspirado no calendario galo de Coligny; non resulta sorprendente que a era da fe nórdica comece en 1934, data do seu encontro con Tevenar. Uns dez anos despois, a comunidade de Lainé conta con trece persoas, entre elas un mesías xa finado. Non hai mellor maneira de fundar unha fe.

Ora ben, estas prácticas, malia que confidenciais, acaban por ser coñecidas e causan desacougo. No verán de 1943, monseñor Duparc prohibelles a todos os seus sacerdotes que lles dean a absolución aos autonomistas bretóns a menos que se retracten; o que el declara, de feito, é a súa excomunión. Para tranquilizar aínda máis os simpatizantes no tocante á ortodoxia do PNB en materia relixiosa, o abade Perrot chega a condenar o paganismo daquel que noutrora presentaba como o seu fillo espiritual. Cando Perrot morre a mans da Resistencia, Lainé procede a realizar ritos pagáns arredor do cadaleito do sacerdote no día do seu enterro, mais, crendo a monseñor Duparc na sancristía, gárdase moito de lle bicar o anel⁴⁸. Apenas establecida, a fe nórdica de Lainé está destinada a desaparecer: onde se viu que un profeta se sometese a un bispo?

⁴⁷ «1) Cremos en *God* ternario, o Ternario Verdadeiro. 2) Cremos en todos os Deuses eternos que dirixen a tola mudanza. 3) Cremos no noso Reino Nórdico.» CRBC, fondo de Célestin Lainé, CL8 M533, *Credo celtique*.

⁴⁸ LIGC/NLW, colección de Louis Feutren, caixa 6, carta de Célestin Lainé a Marc Le Berre, 6 de xaneiro de 1944.

TODOS OS CAMIÑOS?

A conclusión desta historia non produce sorpresa. A finais de 1943, a comunidade de homes do Deus da Cruz Céltica constitúe o estado maior da tropiña que Lainé pon ao servizo de Alemaña na loita contra a Resistencia na Bretaña. Pronto os «celtigueiros» son detestados polo resto da tropa, de maioría católica, que compón a unidade Perrot, polo abade que resultara morto había algún tempo, cuxo nome recuperan os pagáns. Se os seus ritos perduran aínda un pouco durante a súa fuxida a Alemaña e, despois, a Irlanda tras a Liberación, a fe da raza dos guerreiros logo desaparece, ata o punto de que mesmo a súa lembranza case acaba por esvaerse no seo do movemento bretón. Deste xeito, non se pode senón constatar o duplo fracaso de, por unha banda, a racialización do universalismo de Lainé e, pola outra, a circunscrición local do racismo de Mordrel. Na Bretaña, o catolicismo tiña forza de máis; a capital da Bretaña non era Rennes, senón, verdadeiramente, Roma⁴⁹. Ademais, é na moi católica Irlanda onde Lainé acha refuxio en 1947, mentres que Mordrel, oculto entre os Irmáns das Escolas Cristiás, en Roma, se beneficia da axuda vaticana para pasar á Arxentina. Con todo, cando se reflexiona demoradamente sobre a cuestión, a explicación máis sinxela deste duplo fracaso segue a ser a ausencia de candidatos cos que facer unha rexeneración: nin bretóns nin ninguén máis.

⁴⁹ Ronan Calvez (2014): «Rome, capitale de la Bretagne», en Nelly Blanchard / Mannaig Thomas (dirs.), *Des littératures périphériques*, Rennes / Brest, Presses Universitaires de Rennes / Université de Bretagne Occidentale, 267-279.